



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Análise Económico das Organizacións		Código	611G02023
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Lopez Rodriguez, Jose	Correo electrónico	jose.lopez.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Lopez Rodriguez, Jose Rodriguez Fernandez, Maria Jose Teijeiro Álvarez, Mercedes	Correo electrónico	jose.lopez.rodriguez@udc.es maria.jose.rfernandez@udc.es mercedes.teijeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Análise e comprensión económica das organizacións, fundamentalmente da empresa, a partires da teoría de custos de transacción e a teoría da axencia. O estudo económico da empresa articulase en torno a dous aspectos: o goberno das transaccións e os incentivos. A asignatura dotará os alumnos dunha serie de competencias para a xestión das organizacións, cuya aplicación exténdese fundamentalmente o ámbito da organización interna (incentivos, goberno corporativo, arquitectura organizativa) pero tamén a aspectos relacionados coa estratexia empresarial (integración vertical, subcontratación de actividades, acordos de colaboración)			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizan cambios nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías Non se realizan cambios nas metodoloxías docentes. En caso de que a situación sanitaria o requira a materia pasará a impartirse en modalidade semipresencial ou non presencial.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico:diariamente.De uso para consultas ,solicitar encontros virtuais ou para resolver dúbidas. Moodle:diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Teams:sesións a demanda segundo a necesidade do alumnado para reforzar a comprensión da asignatura.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizan cambios na avaliación. *Observacións de avaliación:</p> <p>1. Calificación de non presentado: si o estundate, non participa en actividades de avaliación continua ou na proba final, ou ámbalas duas.</p> <p>2. Segunda oportunidade e convocatoria adiantada: os criterios de avaliación da segunda oportunidade e convocatoria adiantada son os descritos na guía.</p> <p>3. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxetiva final, para as restantes probas acordarase ó inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación. Serán avaliados cos mesmos criterios que os alumnos a tempo completo.</p> <p>4. Sobre as condicións de avaliación: Se os exames se realizan en formato papel, está prohibido acceder ao examen con calqueira dispositivo que permita a comunicación co exterior e/o almacenamento de información.</p> <p>5. Identificación do estudante: o estudante ha de acreditar a súa identidades dacordo coa normativa vixente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizan cambios na bibliografía ou webgrafía</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>

Resultados da aprendizaxe	
<b>Resultados de aprendizaxe</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>



Valorar a importancia da organización económica	A1	B1	C1
Identificar as dimensións máis relevantes no estudo dos problemas de organización económica.	A2	B2	C4
Entender a empresa e, de maneira xeral, as organizacións como estruturas de gobernanza da actividade económica alternativas ó mercado.	A3	B3	C5
Coñecer o funcionamento das teorías económicas máis relevantes para o estudo e análise das organizacións, en particular, a teoría de custos de transacción e a teoría da axencia.	A4	B4	C6
	A5	B5	C7
	A6	B6	C8
Saber detectar, analizar, resolver e comunicar problemas organizativos mediante o manexo dos conceptos e teorías da economía organizacional.	A7	B7	
	A8	B8	
Tomar conciencia de que a formación continuada e o saber son fundamentais para o mellor desenvolvemento das nosas vidas e a sociedade.	A9	B9	
	A10	B10	
Inculcar valores éticos fundamentais como principio rector nos comportamentos como profesionais e ante todo como cidadáns.	A11		
Saber traballar en equipo.			
Fomentar o uso das TIC's para a comunicación persoal.			

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I. INTRODUCCIÓN	I.1 Introducción á economía organizacional I.2 Contratos e eficiencia económica O desenvolvemento destes contidos pode sufrir algunha variación para adaptarse as especificidades de cada titulación e que o profesor indicará e colgará en Moodle cuando así sexa.
BLOQUE II. GOBERNANZA	II.1 Fundamentos teóricos: teoría de custos de transacción II.2 Aplicacións: integración vertical O desenvolvemento destes contidos pode sufrir algunha variación para adaptarse as especificidades de cada titulación e que o profesor indicará e colgará en Moodle cuando así sexa.
BLOQUE III. INCENTIVOS	III.1 Fundamentos teóricos: teoría da axencia III.2 Aplicacións I: pagos por rendemento e goberno corporativo O desenvolvemento destes contidos pode sufrir algunha variación para adaptarse as especificidades de cada titulación e que o profesor indicará e colgará en Moodle cuando así sexa.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A5 A7 A10 A11 B3 B5 B8	2	10	12
Lecturas	A11	0	8	8
Proba de resposta múltiple	A11 A8 B1 B2	3	75	78
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 B4 B6 B7 C1 C5 C6	6	0	6
Presentación oral	A7 A8 A9 A10 A11 B4 B5 B9 B10 C4 C7 C8	1	17	18
Sesión maxistral	C4 C5 C7 C8	17	0	17
Atención personalizada		11	0	11



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Presentación oral	Nos horarios de tutoría o alumno a título individual poderá plantexar todas aquelas dúbidas que lle xurdan sobre o feito e explicado na aula e tamén con respecto os traballos tutelados. Sen citar á persoa que realizou a consulta en horario de tutoría, esta pode ser publicada en Moodle, xunto coa súa resposta, coa finalidade de que outros alumnos poidan sacar proveito da mesma. Todo iso se o profesor considera oportuna e de interese xeral a consulta exposta.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A11 A8 B1 B2	Examen tipo test, con penalización para as respostas incorrectas	60
Presentación oral	A7 A8 A9 A10 A11 B4 B5 B9 B10 C4 C7 C8	Exposición oral de dous traballos complementada con uso de diapositivas. 1º traballo relacionado coa teoría de costes de transacción ou cunha aplicación da teoría de costes de transacción (ex. integración vertical, formas híbridas de organización, estrutura organizativa, etc.) 2º traballo relacionado coa teoría de axencia ou cunha aplicación da teoría da axencia (ex. incentivos, goberno corporativo, etc.) Os traballos realizaránse en grupos.	40

Observacións avaliación



## A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información.

2. Identificación do estudante: O estudante deberá acreditar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

## B) TIPOS DE CALIFICACION:

1. Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno/a, cando só participa en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, independentemente da cualificación acadada.

2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e despesa académica de exención de asistencia: A avaliación realizarase sobre os mesmos contidos e criterios de avaliación que os estudantes con dedicación a tempo completo. O principio do curso estes estudantes dirixiránse ó profesorado para fixar un calendario de actuacións específico acorde coa súa situación particular para deste xeito posibilitar a realización das distintas actividades de avaliación do curso.

## C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: A avaliación correspondente a primeira oportunidade será totalmente continua en base a unha proba de resposta múltiple (60%) e a presentación oral dos traballos que compoñen o resto da avaliación (40%). No caso da proba de resposta múltiple, a data de realización será a fixada no calendario oficial para a primeira oportunidade. A presentación dos traballos realizarase durante o período lectivo do curso, de acordo co calendario fixado polo profesor para cada grupo. Para superar a asignatura haberá que acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 no cómputo global da avaliación, pero ademais é condición sine qua non acadar 5 puntos sobre 10 na proba de resposta múltiple. De non acadarse este mínimo na proba de resposta múltiple, a asignatura estará suspensa, e a nota será a do examen.

2. Segunda oportunidade: No que atinxe a 2ª oportunidade de xullo, as notas dos traballos de presentación oral serán tidas en conta. Ademais, sempre e cando sexa posible, poderá recuperarse a realización de ditos traballos no caso de aqueles estudantes que non a realizasen. Para isto, o estudante dirixirase ó profesor coa suficiente antelación para indicarlle o seu desexo de realizar o traballo, o cal deberá ser entregado e presentado antes da data do exame oficial da segunda oportunidade; de non ser posible por temas de datas, ou compromisos do profesor, a avaliación só se fará a partires da proba de resposta múltiple, mantendo a ponderación do 60%. Para aprobar necesitarase acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 no cómputo global, pero ademais é condición sine qua non acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 na proba de resposta múltiple. De non acadarse este mínimo na proba de resposta múltiple, a asignatura estará suspensa, e a nota será a obtida en dita proba.

3. Convocatoria adiantada: Os alumnos que se presenten a convocatoria adiantada, a avaliación só se fará a partires dunha proba de resposta múltiple e para aprobar necesitarase acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10

## D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- Duma, S. y Schreuder, H. (1991). Economic approaches to organizations. Prentice Hall - Milgrom, P. y Roberts, J. (1992). Economics, Organizations and Management. Prentice Hall - Williamson, O.E. (1985). The Economic Institutions of Capitalism, New York:Free Press.. Macmillan
<b>Bibliografía complementaria</b>	Dranove, M. Shanley y S. Schaefer (2003), Economics of Strategy. Third Edition. John Wiley & Sons, Inc. Brickley, J.A., Smith, C.W., Zimmerman, J.L. (2005), Economía Empresarial y Arquitectura de la organización. Ed. McGraw HillSalas (1996), Economía de la empresa. Decisiones y organización. Ariel Economía. 2ª Edición. Williamson, O.E. (1975), Markets and Hierarchies: Analysis and Antitrust implications. Free Press, New York, NY. Traducido como Williamson, O.E. (1991): Mercados y Jerarquías: Su Análisis y sus Implicaciones Antitrust, México: Fondo de Cultura Económica

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/611G02001

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario



## Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e &nbsp;nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías